

CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA AS ANUALIDADES 2023 E 2024 (CÓDIGO PROCEDIMIENTO MT975S)

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda lanza unha convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia co obxecto de implementar medidas de xestión dos residuos domésticos conforme ao esquema de prioridades e ao principio de xerarquía aplicable en materia de residuos.

Esta convocatoria é de **carácter bianual** e prevé a posibilidade de que poidan acceder a estas axudas as entidades locais municipais e supramunicipais e as agrupacións de entidades locais de Galicia.

O procedemento que rexerá a concesión das subvencións será o de **concorrenza competitiva**.

As axudas obxecto desta orde estarán cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas **non excederá o 90% do custo total do proxecto**. A porcentaxe restante, será asumida polo beneficiario/a.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

a) Liña 1: Melloras nos puntos limpos existentes: Proxectos de mellora das condicións das instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos.

b) Liña 2: Actuacións destinadas á instalación de puntos limpos de proximidade para favorecer a recollida separada de distintos fluxos de residuos.

c) Liña 3: Puntos limpos móbiles: Proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición

de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma.

d) Liña 4: Proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), así como de ampliación de instalacións para incluír novas liñas de preparación para reutilización e autorreparación de residuos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación.

e) Liña 5: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro.

Unha entidade local non pode concorrer á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na que se integre.

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias as entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lles correspondan en materia de xestión de residuos.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Liña 1: Melloras nos puntos limpos existentes: Proxectos de mellora das condicións das instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos.

Os conceptos financiáveis dentro de este tipo de proxectos son os que se recollen a continuación:

a) A construción (incluíndo a adecuación do terreo) necesaria para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos.

- b) Cubertas para a zona de almacenamento de residuos. Se priorizará o pechado de residuos cuxa exposición ao sol e a auga teñan efectos prexudiciais para o seu reciclado ou valorización. En particular residuos de RAEE, pilas, téxtiles, vernices e outros residuos domésticos perigosos.
- c) Impermeabilización e recollida de derramamentos da zona de almacenamento de residuos perigosos.
- d) Compra de contedores e gaiolas apropiadas para o almacenamento das distintas fraccións de residuos. Teranse en conta, especialmente, aqueles proxectos que presenten un aumento das fraccións recollidas separadamente, en especial, as relacionadas con téxtiles e residuos domésticos perigosos. Neste concepto inclúense tanto contedores metálicos, gaiolas ou andeis.
- e) Básculas para pesada de entradas e saídas de residuos.
- f) Ferramentas informáticas (incluído *software*) para o rexistro tanto de entradas como saídas de residuos (arquivo cronolóxico telemático).
- g) Instalacións destinadas á preparación para a reutilización, xa sexa para o almacenamento separado dos residuos susceptibles de seren preparados para a reutilización como para a comprobación ou tratamento.
- h) Elementos de información no propio punto limpo sobre as condicións de entrega adecuada dos residuos, tales como carteis, paneis ou sinalización.
- i) Melloras no control de acceso á zona de almacenamento de residuos tales como peches perimetrais, sistemas de control de acceso, peches de zona de almacenamento, sistemas de videovixilancia, alarmas, etc.
- j) Formación para o persoal do punto limpo en materia de preparación para a reutilización con obxecto de seleccionar adecuadamente aqueles residuos susceptibles de seren preparados para a reutilización.
- k) Servizos complementarios á execución da obra, tales como honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Liña 2: Actuacións destinadas á instalación de puntos limpos de proximidade para favorecer a recollida separada de distintos fluxos de residuos.

Os conceptos financiados dentro de este tipo de proxectos son os que se recollen a continuación:

- a) Adquisición de puntos limpos de proximidade, con diferentes compartimentos para a recollida de distintos fluxos de residuos que carecen de sistemas ordinarios de recollida, sempre que se xustifique que cumpren os obxectivos deste servizo.
- b) Adquisición de ferramentas informáticas (incluído software) para o seguimento da rastrexabilidade dos residuos recollidos.
- c) Os elementos de información no propio punto limpo de proximidade sobre as condicións de entrega adecuada dos residuos, tales como carteis, paneis ou sinalización (máximo 1.000€).

Liña 3: Puntos limpos móbiles

Ao abeiro desta liña serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir:

- a) Adquisición de puntos limpos móbiles, con diferentes compartimentos para a recollida de residuos, podendo ser os seguintes modelos:
 - Contedor/caixa metálica de gran volume (este modelo poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado para a súa carga e traslado).
 - Remolque e contedor metálico de gran volume (este modelo poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado para a súa carga e traslado).
 - Camión con caixa e chasis.
 - Furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos.
 - Outros modelos do mercado, sempre que se xustifique que cumpren os obxectivos deste servizo.
 - Todos os vehículos adquiridos deberán ser **eléctricos ou de biogás de orixe vexetal**.

- b) Adquisición de equipamentos ou elementos complementarios para a función que prestan os puntos limpos móbiles (ganchos, guindastres etc.)
- c) Adquisición de básculas para pesada dos residuos recollidos.
- d) Adquisición de ferramentas informáticas (incluído *software*) para o seguimento da rastrexabilidade dos residuos recolleitos.
- e) Adquisición de elementos de información no propio punto limpo móbil sobre as condicións de entrega adecuada dos residuos, tales como carteis, paneis ou sinalización (máximo 1.000€).
- f) Formación para o persoal do punto limpo móbil en materia de preparación para a reutilización con obxecto de seleccionar adecuadamente aqueles residuos susceptibles de ser preparados para a reutilización.

Liña 4: Proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización e/ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), así como de ampliación de instalacións para incluír novas liñas de preparación para reutilización e autorreparación de residuos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación.

Ao abeiro desta liña serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir:

- a) A construción ou mellora da instalación dedicada á preparación para a reutilización ou autorreparación, incluíndo zona de almacenaxe e superficie destinada á venda dos produtos recuperados si é o caso. O financiamento limitarase aos conceptos mínimos para un adecuado funcionamento da instalación, e o proxecto cumprirá con todos os requisitos que a normativa sectorial poida impoñer a estas instalacións. Non se inclúen instalacións auxiliares, como oficinas ou almacéns para maquinaria.
- b) Os elementos de almacenamento adecuado tanto para os residuos recibidos como para os produtos recuperados, como gaiolas, andeis ou armarios.

c) A maquinaria e ferramentas necesarias para desenvolver os traballos de preparación para a reutilización e/ou autorreparación. Non se inclúe neste concepto material funxible ou outro tipo de maquinaria e ferramentas que non sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.

d) Formación para os traballadores da instalación.

e) Campaña de comunicación, unha vez terminada a instalación e dirixida a concienciar á poboación próxima da entrega de residuos para a súa preparación para a reutilización.

f) A adquisición de Software e hardware para o control e a rastrexabilidade tanto dos residuos recibidos e xerados, como dos produtos recuperados.

g) Servizos complementarios á execución da obra, tales como honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Liña 5: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada.

Ao abeiro desta liña serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir:

a) Separadores ópticos

b) Separadores balísticos

c) Separadores de metaisférricos e non férricos (p.e., separadores magnéticos, separadores de correntes de Foucault, etc.)

d) Calquera outro método de separación distinto dos enumerados anteriormente que contribúa significativamente a incrementar a eficacia de recuperación de materiais susceptibles de seren reciclados

e) Sistemas de tratamento da fracción orgánica separada da fracción resto para o seu aproveitamento enerxético posterior.

REQUISITOS

- a) Os proxectos presentados deberán incorporar elementos de compra pública verde ou ecolóxica.
- b) Deberá xustificar que ten presentada a correspondente solicitude de autorización ou, no seu caso, modificación da autorización, como xestor de residuos perigosos e/ou non perigosos ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia se fose necesaria dita autorización, na fase de solicitude.
- c) Para os efectos da presente convocatoria, teñen a consideración de residuos especiais de competencia municipal aqueles residuos que carecen de sistemas ordinarios de recollida pero que son susceptibles de recuperación ou necesitan recollese separadamente debido as súas especiais características (aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos, etc).
- d) Será obrigatorio que, na fase de xustificación final da axuda, a instalación conte coa autorización pertinente para levar a cabo a actividade sempre que sexa necesario.
- e) Non serán financiados os alugamentos e pagamentos de servizos a terceiros.
- f) Aqueles proxectos que prevexan a repartición de materiais, adquiridos con cargo á subvención, deberán identificar o procedemento que empregarán para a selección dos destinatarios beneficiados, segundo os principios de concorrencia, idoneidade e publicidade.

Requisitos específicos para a liña 1.

1º Para os efectos da presente orde, non serán financiados dentro da liña 1, os proxectos de mellora en instalacións de puntos limpos que non se atopen no momento da solicitude, autorizados ou en trámite de autorizar.

2º Non serán financiados tampouco os seguintes conceptos:

- Alugueiros (leasing, renting, etc) nin o pago de servizos a terceiros.
- Edificios para traballadores, oficinas e maquinaria (salvo que o edificio inclúa o destinado á reutilización ou preparación para a reutilización).

3º No caso de que o proxecto, ou determinados conceptos, afecten a fluxos de residuos cubertos pola responsabilidade ampliada do produtor, non será financiable a parte atribuíble á responsabilidade ampliada do produtor.

Requisitos específicos para a liña 2.

1º Para subvencionar as actuacións destinadas a puntos limpos de proximidade, a entidade local deberá acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

Requisitos específicos para a liña 3.

1º Para subvencionar a implantación de puntos limpos móbiles, a entidade local deberá acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixo autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

2º Todos os vehículos adquiridos deberán ser **eléctricos ou de biogás de orixe vexetal**.

Requisitos específicos para a liña 4.

1º Deberá presentarse un proxecto no que se inclúan os tipos de residuos que prepararán para a reutilización, os tratamentos de cada un deses residuos, así como as condicións de venda, que incluirán a correspondente garantía postventa e a súa declaración como produto novo naqueles casos que sexa necesario.

Requisitos específicos para a liña 5.

1º Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueiros.

2º Non se financiará a construción de novas instalacións de tratamento mecánico-biolóxico.

3º Non se financiarán melloras nas instalación existentes, a excepción das que teñan por finalidade a separación e recuperación de materiais dos residuos mesturados que podan ser obxecto dun reciclado posterior, ou a reconversión das plantas para o tratamento dos biorresiduos recollidos separadamente mediante compostaxe ou dixestión anaerobia, garantindo que estes investimentos

non supoñan un aumento da capacidade das plantas ou a extensión da súa vida útil, verificado a nivel de cada unha das instalacións.

4º Será obrigatorio garantir que antes do fin do ano 2025 os residuos recibidos nas plantas obxecto da axuda, procedan de entidades que teñan implantado un modelo de recollida separada con contedores específicos para a recollida de envases lixeiros, biorresíduos, papel cartón e vidro.

Para todas as liñas sinaladas, non serán subvencionables, entre outros conceptos:

- Os gastos non xustificadas correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, así como os gastos non imputables ao investimento.
- O imposto sobre o valor engadido.
- Os gastos financeiros derivados do investimento.

CONTÍA DAS AXUDAS

A subvención será do **90%** dos custos totais subvencionables, cos importes máximos establecidos para cada liña subvencionable. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e sempre será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia a financiar. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

A axuda económica que se conceda a cada entidade local de forma individual poderá acadar un límite máximo por concello segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable.

a) **Liña 1.** O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 150.000€. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 200.000€.

b) **Liña 2.** Actuacións destinadas á instalación de puntos limpos de proximidade para favorecer a recollida separada de distintos fluxos de residuos. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 10.000€. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes

presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 30.000€.

c) **Liña 3.** O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 70.000€. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 100.000€.

d) **Liña 4 PxR e Autorreparación:** O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 200.000€. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 250.000€.

e) **Liña 5:** A contía máxima da axuda por beneficiario establécese en función do número de habitantes atendidos pola instalación a razón de 3,5 €/habitante .

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975S).

- As solicitudes poderanse presentar individualmente por un concello ou conxuntamente por máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais.

No caso de solicitudes conxuntas presentadas baixo a modalidade de agrupación, farase constar na propia solicitude, no parágrafo destinado á identificación do solicitante, a referencia a "Agrupación de" seguida da identificación das entidades de que se trate.

- As solicitudes recibidas deben manter a proporción orzamentaria do crédito xerado, polo tanto o importe da subvención solicitada para **o ano 2023 non debe superar o 10% do total.**

- O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

PRAZO DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS

- O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo del 2020 e o 30 de decembro de 2024 ambos incluídos.
- Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.
- Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e súa xustificación consonte ao establecido no parágrafo seguinte.
- A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de decembro do ano correspondente á anualidade a que se impute o orzamento.

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Resolución de concesión publicárase no ***Diario Oficial de Galicia (DOG)***, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, as resolucións de concesión serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web <https://sirga.xunta.gal/>.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Para o caso de dificultades técnicas ou no caso de requirir máis información, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do enderezo de correo electrónico axudas.cmaot@xunta.gal.